

## Versos coma pólders

Publicado o 27 Xaneiro 2014 por Armando Requeixo

O deficiente sistema de distribución dalgúns servizos de publicación dos nosos organismos públicos (concellos, deputacións e similares) fai que acabemos sabendo de certos libros cunha demora dificilmente xustificable, iso cando non os descoñecemos por anos ou por sempre. Non quero pensar o rebordante de celulosa que andará por esas baleas rocho que son os almacéns institucionais, inmensos buracos negros onde se acumulan milleiros de volumes nos que se pousa o po durante décadas.

Vén esta ladaíña a conto, pois aínda hai uns días tiven a fortuna de saber da existencia dun magnífico poemario que, de non ser por mans amigas, tería seguido para min no limbo. Refírome a *As lavandas adaptaciónse a todo erro de navegación*, o libro co que Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975) se fixo co XVI Premio de Poesía Miguel González Garcés que atesoura a Deputación da Coruña.



Neto, tradutor dende hai anos nas terras do Norte e poeta coñecido mercé a un outro título (*A estación única dunha illa*, 2010, co que no seu día gañara o Premio Xosemaría Pérez Parallé), é unha moi singular voz que achega ás nosas letras tinturas desusadas como agromo renovado para a tradición. Hai na súa escrita un basculado entre a poesía breve e o poema en prosa que vai dende o case haikiano ata o discursivo pasado polo efrásico, unha estética de imaxes elásticas, de horizontes bretemosos e un silandeiro levedar de lavandas intuitivas.

Toda a forza dos pólders e os barrios da vella Bruxelas, a Venecia nordestina na que o bruar das vacas resoa entre tulipáns adiviñados e vías de auga, aparecen en Neto como un chamado contemplativo onde mal pode un amor cómplice deter a sangría de se sentir estranxeiro infindo, desposuído dunha felicidade esvaradía, desubicado nos *brugge* que afogan a carótida da esperanza como unha boa que anela a súa presa.



As veas dos amantes afogados, o naufraxio do ser en terra estraña que trata de comprender a alteridade, tamén de se comprender, fai que nos versos de Neto aniñen os portos todos, canalística de imaxinería surreal que abre correntes acuosas na memoria e rebenta os diques dormentes de ceos inhóspitos.

Un sarabiar inmisericorde de salitre nos lagamares, augas mortas que anegan os ollos, vai nestas páxinas que teñen moito máis a ver coas poéticas dalgúns dos grandes neerlandeses e centroeuropeos —póñanse aquí os nomes adoitos e acertarase— que coa nosa escrita máis recente, pois hai toda unha xeración errante de autores exorradicados (no Reino Unido, na Francia, en Alemaña, en Bruxelas, mesmo na Landa dos Xeos) que poetiza, tenaz, esoutros mundos que mestizan os seus días enxertando na cerna galega ponlas doutras culturas, doutras páxinas escritas en linguas mil.

*As lavandas adaptaciónse a todo erro de navegación* ancora na contemplación desas pasaxes suspensas entre

dunas e lavandas dun mar de pólders, de noites de atalaias melancólicas e bóvidos que breca nunha eternidade sen puntos cardinais e ofrecen, con fartura, un fulgurante canto de orfandade que trema nos sentimentos ata o imo.

[Publicado nos xornais *El Ideal Gallego e Diario de Ferrol*, 26-1-2014]

Esta entrada foi publicada en [Crítica literaria](#), [Poesía galega actual](#) e etiquetada [As lavandas adaptanse a todo erro de navegación](#), [Deputación da Coruña](#), [Premio Miguel González Garcés](#), [Ramón Neto](#). Garda a [liqazón permanente](#).

---

**Criticalia**

*Funciona con WordPress.*